

VOLVE O MUNDIAL

Poucos acontecementos deportivos logran atraer a atención de tanta xente coma o mundial de fútbol, que este ano terá lugar en Alemaña e no que participarán un total de 38 países.

Volve a tensión, os nervios, o comernos as uñas.... Volve o mundial.

A cidade alemá xa se prepara para albergar a competición deportiva por excelencia. Centos de bandeiras de todos os países invaden as rúas e os balcóns da mítica cidade do vello continente, e que se prevé, que centos de miles de afeccionados a este deporte se despracen ata aquí; inda que os mais beneficiados serán os propietarios de bares, hoteis, e demais establecementos de este tipo.

En principio parten como grandes favoritas Inglaterra, Francia e, como non, Alemaña, pero este ano participarán novas seleccións como Camerún, con Samuel E'too como gran representante, que nos poden dar algunha que outra sorpresa. Dise que España tivo sorte co grupo que lle tocou, formado por: Arabia Saudita, Costa de Marfil, España e Ucraína, coa cal a selección española se enfrontará no primeiro partido que terá lugar dentro de 2 meses.

Luís Aragonés estivo vixiando toda a temporada aos xogadores españois para levar só os mellores e intentar pasar de cuartos de final. Algúns deles podemos deducir facilmente que estarán convocados, como Casillas, pero seguro que todos nos seguimos facendo a pregunta de se Raúl seguirá ou non



tirando do carro. A característica máis chamativa da nosa selección é a xuventude dos xogadores, pois teñen una media de idade duns 24 anos, con homes como Torres, Reyes ou o xovencísimo xogador do Arsenal, Cesc Fábregas. Pese á corta idade, España demostrou durante os enfrontamentos de repesca e preparación que ten calidade suficiente para gañar a moitos dos equipos e así darnos una alegría á afección. Xa se especula coa posibilidade de que se a nosa selección logra pasar de fase, ao mellor tería que xogar contra a selección de Brasil, pero Luís xa afirmou non ter medo.

Uns 40.000 españois xa teñen os seus billetes de avión para desprazarse a

Alemaña, e é que Aragonés non se pode queixar de falta de apoio, xa que a "furia vermella", capitaneada por Manolo "o do bombo" apoia á selección onde queira que vaia e é mundialmente coñecida.

Ben, agora só nos queda agardar e ver se a selección española logra facer honor do seu sétimo posto entre as mellores seleccións do mundo. E se vostede padece do corazón, recoméndolle que non vexa o mundial, recorde por exemplo o famoso penalti de Joaquín no último mundial de hai xa catro anos.

ZAIRA. 1º C BACHARELATO